

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac3429866466937568152.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 2/2025 Arde Lucus

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DO PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO ARDE LUCUS 2025

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 2/2025, por un importe total de 1.900,00 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, para dar cobertura ás obrigas derivadas do "PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO ARDE LUCUS 2025"

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 179/2025, do 10.02.2025 así como o RCMOD por importe de 1.900,00 €

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pomenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso, na providencia que inicia o expediente dise que se debe considerar que corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, e co mesmo responsable da área xestora, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, polo que se estima admisible neste caso concreto.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación 1.900,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac3429866466937568152.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 2/2025 Arde Lucus

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
33802.22609	1.900,00 €	33802.48101	253380201	1.900,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.900,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		1.900,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.